

Texto e ilustracións: **ANDRÉ FRANÇOIS**
Tradución: **XOSÉ M. GONZÁLEZ**

Encadernado en cartón e tea
44 páxinas en color. 27x8,5 cm.
Contenedor troquelado 27,5x9 cm.
Dispoñible en:

-Castelán: "Lágrimas de cocodrilo"
ISBN 978-84-935804-8-3

Prezo: 16 €

LÁGRIMAS DE COCODRILO



- Iso son bágoas de cocodrilo!
- Que son bágoas de cocodrilo?
- Ti choras bágoas de cocodrilo.
- Que son bágoas de cocodrilo?
- Explicareiche o que son as bágoas de cocodrilo.

- **Temática:** orixe fabulada da expresión "bágoas de cocodrilo"
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** presentación a modo de paquete aéreo; sinxeleza plástica e narrativa; humor; clásico dos anos 50

Chega dende moi lonxe e perfectamente empacotado; a súa estadia permítenos descubrir as múltiples facetas do cocodrilo: como medio de transporte, comensal e conversador, pero cando se enfada...

Fixéronse moitas edicións deste título, en máis de 14 linguas e en varios formatos, pero ningunha equiparable á que en 1956 realizou o editor francés Robert Delpire. André François coñeceu entre finais dos anos 40 e principios dos 50, e quedou fascinado pola exquisitez coa que trataba os libros. Desa relación profesional naceu "Lágrimas de cocodrilo", o primeiro álbum infantil deste autor e ilustrador. A obra alcanzou un notable éxito a nivel internacional, sobre todo entre a crítica de Estados Unidos, onde foi galardoada co Premio ao Mellor Libro Infantil.

FAKTORÍA K recupera este clásico, que destaca pola súa calidade, beleza e orixinalidade. O formato adáptase á forma alongada do corpo do cocodrilo e adquire a aparencia externa dun correo aéreo, un detalle que garda relación co argumento do libro. Con poucas palabras e trazos sinxelos, André François expresa todos os matices do relato, baseado nunha insólita viaxe. Destaca fundamentalmente o humor sutil que se aprecia no relato paralelo que encerra a ilustración.

Non hai nada superfluo neste libro exento de barroquismos; cada elemento cumpre unha función na historia e todos os adornos innecesarios están depurados. Como se pode contar tanto con tan pouco? Como expresar tantas emocións con semellante economía de estilo?

ANDRÉ FRANÇOIS (Timisoara, Rumanía, 1915 – París, Francia, 2005)

Pintor, escultor, publicista e deseñador gráfico, de familia húngara. Estudou na Academia de Belas Artes de Budapest e instalouse en París en 1934, onde comezou a traballar no taller do artista Adolphe Cassandre. Cinco anos despois obtivo a nacionalidade francesa.

Como debuxante, ilustrou a obra de escritores como Jacques Prévert, Raymond Queneau ou Boris Vian. Tamén realizou portadas para publicacións e xornais franceses como Télérama e Le Nouvel Observateur, a revista británica Punch e a norteamericana The New Yorker. Colaborou en Paris Match, Sports Illustrated, Le Monde e Vogue, entre outras. Deseñou anuncios, escenografías e produciu películas de animación. Traballou co caricaturista inglés Ronald Searle e foi membro da Alianza Gráfica Internacional, Cabaleiro da Lexión de Honra francesa e doutor pola Universidade de Londres.

A súa expúxose en Europa, Norteamérica e Asia; o Museo de Arte Moderno de París en 1986 e o Museo Mitsukoshi de Tokio en 1995 acolleron as súas maiores retrospectivas. En decembro de 2002 un incendio no seu estudo destruíu case todos os seus traballos e recordos. Tralo sinistro volcouse na súa faceta pictórica, de modo que un ano e medio despois inauguraba no Centro Georges Pompidou a exposición titulada "A proba de lume", á que lle seguiu unha recompilación dos seus deseños na Biblioteca Forney.